

## PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. CURSO 2026/2027.

### I. REFERENCIAS LEGAIS

- **Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG 08.11.2022)** pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).
- **Decreto 13/2022 do 3 de febreiro (DOG 11.02.2022)**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orden del 26 de mayo de 2023 (DOG 13.06.2023)** por la que se desarrolla el Decreto 157/2022, del 15 de septiembre, por el que se establecen la ordenación y el currículo de bachillerato en la Comunidad Autónoma de Galicia y se regula la evaluación en esa etapa educativa y deroga el artículo 44 de la Orden del 21 de octubre de 2022.

### II. CALENDARIO (de acordo coa disposición adicional primeira da Orde do 21 de outubro de 2022)

- **Antes do 1 de marzo** sorteo público a efectos de desempate e publicación dos postos escolares vacantes nos centros docentes.
- **Do 1 ao 20 de marzo**, ambos inclusive, prazo de presentación das solicitudes de admisión.  
A solicitude presentarase preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado **ED550B** dispoñible na aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).  
Opcionalmente, poderase presentar a solicitude presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.  
**A solicitude será única e pode conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia.** No caso de que a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar, aplicarase o procedemento para a adxudicación subsidiaria de postos escolares regulado nesta orde.
- **Do 21 de marzo ao 3 de abril**: presentación da documentación acreditativa dos criterios do baremo, cando así o requira o centro indicado en primeiro lugar.
- **25 de abril**: publicación das listaxes provisionais. Indicando que se poderá formular **reclamación** no prazo de **5 días hábiles** contados a partir da súa publicación, ante o **Consello Escolar** no caso dos centros públicos e ante o titular no caso de centros privados concertados.
- **15 de maio**: publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido ordenado segundo a puntuación total. **Impugnación** das listaxes definitivas: No caso de centros públicos, as persoas interesadas poderán interpoñer **recurso de alzada**. No caso de centros privados concertados, poderán formular unha **reclamación**. Prazo: un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. En ambos casos, a resolución da persoa titular da xefatura territorial porá fin á vía administrativa.
- **Do 20 ao 30 de xuño**: formalización da matrícula no centro asignado en E. infantil e primaria.
- **Do 23 de xuño ao 7 de xullo**: formalización da matrícula en ESO e bacharelato.

### ADXUDICACIÓN SUBSIDIARIA DE POSTOS ESCOLARES

Cando exista alumnado con solicitude en prazo non admitido no centro docente indicado en primeiro lugar, deberá constituírse con carácter preceptivo a **comisión de escolarización**, que baremará estas solicitudes de forma sucesiva, para cada un dos centros solicitados en que existan postos vacantes, seguindo a orde de preferencia manifestada na solicitude, para determinar a súa puntuación no centro concreto.

Cando non existan postos dispoñibles do curso ou nivel no centro indicado en segundo lugar, determinarase a puntuación que lle corresponde no centro indicado en terceiro lugar e, se é o caso, nos posteriores, seguindo sempre a orde de preferencia manifestada na solicitude na forma indicada no punto anterior.

Se, logo de valorar os criterios de baremo xustificadas polo alumnado en todos os centros indicados na súa solicitude as puntuacións acadadas nos respectivos centros non lle permitisen obter posto escolar en ningún deles, a comisión de escolarización proporá a adopción das medidas necesarias para a súa escolarización nun centro sustentado con fondos públicos.

### **OPCIÓN A POSTO RESERVADO A ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO**

Na solicitude de admisión (ED550B) a persoa solicitante poderá optar expresamente por un posto reservado a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Neste caso, o centro docente remitirá esta solicitude, a documentación xustificativa das situacións ou circunstancias concretas do alumnado que a acompañe e a súa avaliación psicopedagóxica inicial á xefatura territorial respectiva, no prazo máximo de 10 días hábiles seguintes ao da presentación da solicitude.

### **III. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

As persoas interesadas deberán achegar de forma presencial, cando así o requira o centro indicado en primeiro lugar, a seguinte documentación:

- a) Anexo II-bis (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora).
- b) Documento acreditativo da representación.
- c) Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- d) Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio for inferior a 1 ano, deberá, achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexítima a ocupación da vivenda, así como recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz...).
- e) Lugar de traballo. Persoa traballadora por conta allea: contrato de traballo en que conste o enderezo do centro de traballo e informe de vida laboral obtido no ano natural do procedemento de admisión.
- f) Lugar de traballo. Persoa traballadora por conta propia: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT en que conste o enderezo do centro de traballo ou licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigado a estar de alta no dito censo.
- g) Lugar de traballo. Persoal ao servizo das administracións públicas: certificado da unidade de persoal en que conste o enderezo do centro de traballo.
- h) Libro de familia ou certificación de parto múltiple.
- i) Documentación xustificativa da condición de familia monoparental.
- j) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da familia non expedido pola Administración autonómica ou percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente a clases pasivas.
- k) Documentación xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- l) Certificado de vítima de terrorismo de acordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo.

#### IV. VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADMISIÓN

| CRITERIOS                                                                                                                                                        | PUNTUACIÓN           |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| <b>Existencia de irmáns/irmás matriculados/as no centro</b>                                                                                                      |                      |
| Un/ha irmán/ irmá matriculado/a no centro                                                                                                                        | 8 puntos             |
| Segundo e seguintes irmáns matriculados no centro                                                                                                                | 2 puntos por irmán/a |
| <b>Puntuación máxima neste criterio</b>                                                                                                                          | <b>14 puntos</b>     |
| <b>(*) Proximidade ao centro do domicilio familiar ou do lugar de traballo</b>                                                                                   |                      |
| Domicilio familiar na área de influencia do centro                                                                                                               | 8 puntos             |
| Domicilio familiar nas áreas limítrofes                                                                                                                          | 4 puntos             |
| Lugar de traballo na área de influencia do centro                                                                                                                | 6 puntos             |
| Lugar de traballo nas áreas limítrofes                                                                                                                           | 3 puntos             |
| <b>Renda anual da unidade familiar</b> con referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM do 2022: 6.948,24€ -12 pagas/8.106,28€-14 pagas) |                      |
| Ingresos inferiores 0,50 veces ao IPREM                                                                                                                          | 3 puntos             |
| Ingresos iguais ou superiores a 0,50 e inferiores a 0,75 veces o IPREM                                                                                           | 2 puntos             |
| Ingresos iguais ou superiores a 0,75 veces e inferior o IPREM                                                                                                    | 1 punto              |
| Ingresos iguais ou superiores ao IPREM                                                                                                                           | 0 puntos             |
| <b>Persoa proxenitora, titora ou acolladora traballadora do centro</b> (con independencia de que ambas traballen nel)                                            | 3 puntos             |
| <b>Familia numerosa</b>                                                                                                                                          |                      |
| Familia numerosa de categoría especial                                                                                                                           | 3 puntos             |
| Familia numerosa de categoría xeral                                                                                                                              | 2 puntos             |
| <b>Irmáns/ás nados/as nun parto múltiple</b> (sempre que soliciten no mesmo centro)                                                                              |                      |
| Dous/duas irmáns/ás                                                                                                                                              | 8 puntos             |
| Máis de dous/duas                                                                                                                                                | 10 puntos            |
| <b>Familia monoparental</b>                                                                                                                                      |                      |
| Condición de familia monoparental                                                                                                                                | 2 puntos             |
| <b>Discapacidade</b> igual ou superior ao 33%                                                                                                                    |                      |
| Alumno/a                                                                                                                                                         | 4 puntos             |
| Persoa proxenitora, titora ou acolladora ou novo cónxuxe                                                                                                         | 3 puntos             |
| Irmáns/ás do alumno/a                                                                                                                                            | 1 punto por cada un  |
| <b>Puntuación máxima neste criterio</b>                                                                                                                          | <b>4 puntos</b>      |
| <b>Condición de vítima de violencia de xénero</b> (de calquera dos membros computables da unidade familiar)                                                      | 2 puntos             |
| <b>Condición de vítima de terrorismo</b> (de calquera dos membros computables da unidade familiar)                                                               | 2 puntos             |
| <b>Criterio complementario aprobado polo centro</b>                                                                                                              | 1 punto              |
| <b>Expediente académico do alumnado (so no caso de Bacherelato)</b>                                                                                              | Ata 2 puntos         |

(\*) O mapa das áreas de influencia editado polo Concello da Coruña (segundo as instrucións ditas pola Consellería de Cultura, Educación, formación Profesional e Universidades) pode ser consultado nos centros docentes da cidade, nos rexistros de María Pita, Fórum, Mesoiro e Ágora, nas Bibliotecas Municipais, no Centro Municipal de Información Xuvenil e na páxina web municipal: [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) (Escolarización).

#### V. CRITERIOS DE DESEMPATE na puntuación final atendendo á seguinte orde de preferencia:

- Maior puntuación no apartado de ter irmáns/irmáns matriculados no centro.
- Maior puntuación no apartado de proximidade do domicilio familiar ou laboral.
- Maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar.
- Maior puntuación no apartado de persoa proxenitora, titora ou acolladora traballadora do centro.
- Posuír a condición de familia numerosa.
- Maior puntuación por irmáns/ás nados/as nun parto múltiple
- Posuír a condición de familia monoparental
- Maior puntuación no apartado de discapacidade.

- i) Posuir a condición de vítima de violencia de xénero
- j) Posuir a condición de vítima de terrorismo
- k) Criterio establecido polo centro educativo

Se unha vez aplicados estes criterios persistise o empate, resolverase tendo en conta o resultado dun sorteo público anual que realizará a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a última semana do mes de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo. Este sorteo celebrarase o 25 de febreiro de 2026 ás 10:30 horas na sala de xuntas C da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Edificio administrativo de San Caetano, bloque 2, 1º andar. Santiago de Compostela)

#### **MÁIS INFORMACIÓN E CONSULTA DE DÚBIDAS:**

- **Servizo Territorial de Inspección Educativa**, (<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/15728>) R/ Vicente Ferrer, 2-1º 15008 A Coruña Tfns.: 981 184 797 / 981 184 787 / 981 184 778. Dirección electrónica: [inspeccion.coruna@edu.xunta.gal](mailto:inspeccion.coruna@edu.xunta.gal)
- O alumnado e as familias **poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes** a través da aplicación informática «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) utilizando o código de solicitude e o número do DNI da persoa solicitante.
- **Manual para o alumnado e as familias**: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/Axuda.action>

## RELACIÓN DE CENTROS

### CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

CEIP **Alborada**: R. San José de Calasanz, 5A (Polígono de Elviña, 2ª fase). Tfno.: 881 961 192  
CEIP Plurilingüe **Anxo da Garda**: R. Monte das Moas, 8-10. Tfno.: 881 960 778  
CEIP **Cidade Vella**: R. Ferrerías, 1. Tfno.: 881 960 701  
CEIP Plurilingüe **Concepción Arenal**: R. Marqués de Amboage, 2. Tfno.: 881 880 064  
CEIP **Curros Enríquez**: R. Campo de Marte, s/n. Tfno.: 881 961 090  
CEIP **Emilia Pardo Bazán**: Travesía dos Rosaís, 8. Tels.: 881 961182  
CEIP **Eusebio da Guarda**: Pza. de Pontevedra, 21. Tfno.: 881 880 810  
CEIP **José Cornide Saavedra**: Avda. da Sardiñeira, s/n. Tfno.: 981 248 796  
CEIP **Juan Fernández Latorre**: R. Casanova de Eirís, 26. Tfno.: 881 960 990  
CEIP Plurilingüe **Labaca**: R. Juan Flórez, 114 – 116. Tfno.: 881 960 284  
CEIP Plurilingüe **Manuel Murguía**: R. Obradoiro 11. Tfno.: 881 960 763  
CEIP Plurilingüe **María Barbeito e Cerviño**: R. Alcalde Salorio Suárez, 28. Tfno.: 981 262 612  
CEIP **María Pita**: Rolda de Camilo José Cela, 2 A (Elviña). Tfno.: 981 292 235  
CEIP **Novo Mesoiro**: Rúa Fragas do Eume s/n. Tfno.: 881 961 235  
CEIP **de Prácticas**: Paseo de Rolda, 47. Tfno.: 881 961 211  
CEIP **Ramón de la Sagra**: Rolda de Camilo José Cela, 4. Tfno.: 981 280 208  
CEIP **Raquel Camacho**: R. Antonio Pedreira Ríos, 13-15. Tfno.: 981 257 154  
CEIP **Rosalía de Castro**: R. Río Avia, s/n. Tfno.: 881 960 245  
CEIP **Sagrada Familia**: Rolda de Outeiro, 211. Tfno.: 881 960 316  
CEIP **Sal Lence**: Avda. de Oza, 224. Tfno.: 881 880 820  
CEIP **Salgado Torres**: Avda. Pablo Picasso, 2. (Polígono de Elviña, 2ª fase). Tfno.: 881 880 830  
CEIP **San Francisco Xabier**: Rolda de Outeiro, 72 (zona da Cubela). Tfno.: 881 960 980  
CEIP Plurilingüe **San Pedro de Visma**: R. Lagares, 12. (San Pedro de Visma). Tfno.: 881 960 787  
CEIP **Torre de Hércules**: Pza. de San Xosé, s/n. Tfno.: 981 202 120  
CEIP Plurilingüe **Víctor López Seoane**: R. Vía Ártabra, s/n Tfno.: 881 960 653  
CEIP Plurilingüe **Wenceslao Fernández Flórez**: Avda. do Ferrocarril, 17-19. Tfno.: 881 960 300  
CEIP **Zalaeta**: R. Curros Enríquez, s/n. Tfno.: 881 961 020

### COLEXIOS PRIVADOS CONCERTADOS

CPR Plurilingüe **Calasancias**: Estrada dos Fortes, 11. Tfno.: 981 256 429  
CPR **Calasanz - PP. Escolapios**: Estrada dos Fortes, 10. Tfno.: 981 253 684  
CPR **Cid**: Rolda de Nelle, 143. Tfno.: 981 255 244  
CPR Plurilingüe **Compañía de María**: Avda. de Calvo Sotelo, 2. Tfno.: 981 250 350  
CPR Plurilingüe **Marista Cristo Rey**: Elviña, 149. Tfno.: 981 287 530  
CPR Plurilingüe **Esclavas del Sagrado Corazón de Jesús**: Paseo de Rolda, 57. Tfno.: 981 251 800  
CPR Plurilingüe **Fogar de Santa Margarida**: R. Valle Inclán, 3. Tfno.: 981 251 090  
CPR Plurilingüe **Grande Obra de Atocha**: R. Baltasar Pardo Vidal, 1 Tfno.: 981 222 542 / 981 201 785  
CPR Plurilingüe **Hijas de Jesús**: Avda. de Nova York, 5. Tfno.: 981 285 877  
CPR Plurilingüe **Karbo**: R. Ramón Cabanillas, 2 - 1º. Tfno.: 981 236 179 / 981 241 425  
CPR Plurilingüe **Liceo la Paz**: Avda. de Sebastián Martínez Risco, 12. Tfno.: 981 286 122  
CPR Plurilingüe **Montegrando**: Avda. de Nova York, 162. Tfno.: 981 288 554  
CPR Plurilingüe **Padres Franciscanos**: Avda. de Calvo Sotelo, 41. Tfno.: 981 262 606  
CPR Plurilingüe **Peñarredonda**: R. Xenebra, 3. Tfno.: 981 286 533  
CPR Plurilingüe **Sagrado Corazón (Franciscanas)**: R. M.ª Ana Mogas Fontcuberta, 9. Tfno.: 981 293 250  
CPR Plurilingüe **Salesiano San Juan Bosco**: R. Hospital, 14. Tfno.: 981 203 550  
CPR Plurilingüe **Santa María del Mar**: Avda. do Pasaxe, 69. Tfno.: 981 283 000  
CPR Plurilingüe **Santo Domingo**: praza de Santo Domingo, 1. Tfno.: 981 205 850